

# ***GALIZA MÁXICA***

**Autor: Marcelino de Santiago Viqueira**

*Entra o Peregrino, vai dun lugar a outro, asemella estar perdido, óese o canto da curuxa, olla cara unha árbore, vai cara ela e sentase ó seu acubillo, remexe no seu capacho, alguén o asexo dende o curuto, é un Trasgo, este dun chimpo baixa, o Peregrino vai ficando durmido, o trasno aproveita para remexer no capacho, espallando todo polo chan. Entra a Moucha e ó se decatar do que esta a facer o trasno, colle unha caxata e comeza a bater nel*

MOUCHA.-            Xa estas a facer das túas, aprendiz de diaño rebuldeiro

TRASGO.-            Bruxa pirula piruleira  
vai remexer a caldeira  
que o lume vaise apagar  
e sen caldo non vas papar...

MOUCHA.-            Fuxe condenado se non queres levar xarope de pao

*(Fai que lle vai arrear outro fungueirazo)*

TRASGO.-            *(Fuxindo)* Voume e non porque che teña medo, Moucha  
murcha

MOUCHA.-            Vaites, vaites, que se non esta caxata vaiche dar lume de  
biqueira...

TRASGO.-            Bruxa bruxeira vai cagar na leira,  
bruxa bruxona que o demo che lave con acetona,  
mala, lurpia, larpeira,  
fedenta , merdeira, noxenta...

MOUCHA.-            *(amósalle a caxata)* Non aprenderás, lambón...

*O Trasgo dun chimpo acochase na árbore de onde veu. a Moucha repaña as cousas espalladas polo chan.*

*Niso que esperta o Peregrino, botándose a ela.*

PEREGRINO.- ¿Que fai remexendo no meu capacho, ladra?

MOUCHA.- Espile, rapaz, que se non chega a ser por min ías ter as túas cousas aquí, si ou si...

So un insensato deitase a durmir sen poñer a bo recado as súas pertenzas.

PEREGRINO.- Xa, xa, disimule, pero si a cachei coas mans na masa, terá morro a señora, se non fora polo respecto que lle teño as canas...

MOUCHA.- Vese as leguas que este pardiolas non é destas terras...

PEREGRINO.- Deixe de rexoubar, que non estou xordo

MOUCHA.- Acouga meu rei, acouga... que non sabes ben o que che espera.

*Solta unha gargallada... O Peregrino fai o ademán de ir tras dela, ela mofase del e vaise rindo a cachón.*

*O Peregrino sen deixar de rosmar polo baixo vai arrombando as cousas no capacho*

PEREGRINO.- Vaia terras estas nas que un non pode ficar tranquilo sen que veña algunha vella a incomodalo, ¿non estaría mellor na súa casa ó quente preparando un prato de papas? Non si o que quere é amolar as xentes de boa fe estano a conseguir, manda nabo por encima de burro, apaleado...

*Entra Catuxa e achegase o Peregrino, nótanse as intencións*

CATUXA.- ¿Pódoche axudar en algo?

*O Peregrino dun pronto revirase contra dela, pero ó vela fica avergoñado)*

PEREGRINO.- Vas ver o que vale un peso, vella lurpia...ah...escúseme señorita, pero e que a confundín cunha vella con cara de curuxa, e que non me deixa de amolar, cada vez que me descoido, zaca, espállame os haberes do meu capacho por todas partes.

CATUXA.- De seguro que é a Moucha, non sei como se apaña pero sempre esta a meterse en leas.

PEREGRINO.- ¿ E como te chamas?

CATUXA.- Catuxa.

PEREGRINO.- Pero mira que son maleducado, non fiques de pe e ven sentar a sombra desta árbore...

CATUXA.- Ah, agradezo que me convides a sentar, veño tan cansa, primeiro fun o muíño levar unha saca de fariña, logo subín a baiuca do souto a mercar unha liña para os chourizos, logo fun limpar as tripas o río...e ...olla para os meus pes están tan inchados de andar de acó para acola que asemellan morcillas

PEREGRINO.- Queres que lles dea unha masaxe, eu sei ben o que é facer leguas e mais leguas sen parar.

CATUXA.- Xa entendo, es peón camiñeiro...

PEREGRINO.- Non, que va, eu son un Peregrino que ven de volta de Compostela, despois de facer o Camiño...

CATUXA.- Non sei de onde serás, pero o certo é que este lugar fica lonxe de calquera parte... paréceme que andas un pouco perdidinho...

PEREGRINO.- Xa ma volveron a xogar, que si unha carreiriña dun can, logo dinme que no cruceiro colla para a dereita sinalando a esquerda,...non si chegar ei chegar, aínda que non sei nin a onde nin cando.

CATUXA.- Non che entreteño mais, non vaia ser que non atopes o teu camiño pola miña culpa

PEREGRINO.- Non me entretés o mais mínimo...  
(*Nun aparte*)  
Podería pasa-la vida ollando a súa lindeza

*Escoitase o canto da curuxa*

CATUXA.- (*Nerviosa*) Agradezo as túas loubanzas, pero xa cae a tardiña e aínda teño uns cantos recados que facer antes que chegue a noite... xa nos veremos maña se aínda ficas por aquí, se non que teñas boa viaxe.  
Ata mais ver meu amigo...

PEREGRINO.- (*cortándolle o paso*) Por ti iría deica o fin da terra, por un bico dos teus beizos sería capaz de venderlle a miña alma ó... ó....

*Soa un trono xigante, o Peregrino asustase, cae o chan. Ó erguerse asexando para todas partes, decatase de que Catuxa desapareceu ... tremendo acubillase cerca da árbore.*

Xa me parecía que tanta sorte non podía ser para min  
(*Saloucando*) nunca poderei soñar cunha mociña tan fermosa... de seguro que é un anxo do ceo... eso é... unha aparición celestial...

*Entra a Moucha*

MOUCHA.- Pode que sexa filla do ceo... ou... do inferno, vai ti saber...

PEREGRINO.- Xa chegou esta falabarato, ben certo é que non quere deixar de amolarme.

MOUCHA.- Que cega é a xuventude cando a paixón non lle deixa ver a realidade. Mírao ollando para ela con olliños de año degolado... o traveso dun filtro de fantasía e de mentiras, mentiras que nacen no fume... no fume do inferno.

PEREGRINO.- Namoreime de súpeto... Si coñecera a esa mociña, a mais fermosa que xamais pensei soñar, non diría tal...

MOUCHA.- ¡¿A quen, a Catuxa?!

PEREGRINO.- ¿Cómo? ¿ sabe o seu nome?  
¿Non saberá tamén onde vive?

MOUCHA.- Tan alleado estas que non che decatás de quen é. Si ou  
Si  
a súa bonitura é mais mortal ca picadura dunha cobra

PEREGRINO.- (*Alleado*) A súa voz é como o murmurio do río, a súa pel é tan suave como a brisa do verán...

MOUCHA.- (*Dándolle un bebedizo*) Si queres saber cal é a súa morada, o seu mundo, dálle un grolo a este bebedizo e déixate levar ó reino dos soños, e que todo o que olles neses intres o recordes cando acordes...

*O Peregrino bebe*

Boa viaxe compañeiro...

PEREGRINO.- *(vai quedando durmido o tempo que di)*  
Teu sorriso acariña meus pensamentos,  
Sinto amor e desexo amarte  
mais aló da vida e da morte,  
mais aló do infinito,  
mais aló da eternidade....

*Fica durmido. A Moucha comeza a danzar e rir,  
Revirou. A terra ferve.*

*Niso unhas bruxas cruzan o ceo sentadas nas súas vasoiras...Catuxa danza como posesa dando brincos no ar coma si fose de goma. Unha musica infernal racha a festa.*

*Todas caen de xeonllos no chan, do fume sae o demo, rexo, señorial tódalas bruxas, incluída a Moucha, van bicarlle a man, este as trata a pontapés, as insulta, erguese, fai un ademán e as bruxas axeonllase de novo*

DEMO.- Como é costume, elixirei a miña favorita segundo os méritos conseguidos polas vosas ruindades feitas dende o ultimo aquelarre... Que fale a primeira!

BRUXA 1.- Eu caguei na porta da igrexa, e cando o abade quixo entra nela esvarou e caeu rompendo os dous brazos, unha perna e cinco costelas...

BRUXA 2.- E a iso lle das mérito, baldreo,  
Eu fun a igrexa, roubei os candelabros de prata e mailo copón de ouro... logo agacheino na casa do sobriño do crego... acuseino as autoridades, prendérono a pesar de que xuraba e xuraba que era inocente

BRUXA 1.- ¿E eso ten mais mérito? ...

BRUXA 2.- Déixame rematar, goldracha, o caso foi que o rapaz

revirou, e cando o levaban para a cadea, comezou a sopapos cos gardas, tiroulle a pistola a un deles comezou a tiros matando a tres carcereiros e dous viandantes que por aló pasaban, ó tempo que xuraba e perxuraba ata que un tiro rematou coa súa vida...

( *A Bruxa 1* ) ¿Que teño mais mérito que ti si ou non?  
Haber si aprendes dunha profesional, pendello!

MOUCHA.- Eu xa vou vella, os meus ósos non me deixan facer falcatruadas como cando era nova, eu so puider roubar os presentes que levaba un Peregrino que volvía a súa terra...

*Entra o Trasgo e se chiva*

TRASGO .-. Meu dono e señor iso no é certo... mais ben axudoulle a bater en min por remexerlle no seu capacho...

MOUCHA.- ( *vai cara o Trasgo, este foxe* )  
Cala malandrín, quen che deu vela neste enterro

CATUXA.- ( *abaloufandose fachendosa* )  
Non hai unha de vos que poida competir comigo, quen vos oia falar de seguida se decatara que como bruxas sodes pouca cousa...

DEMO.- Veña Catuxa déixate de lérias e comeza a túa confesión

CATUXA.- En toda a bisbarra non deixan de falar da cruel morte que padeceu o fillo recen nacido de Carmiña do Couto... Cando todos durmían, fun a súa casa, con sixilo entrei pola xanela... roubei o cativo do berce, e leveino o altar da igrexa, alí tireille o corazón e os untos, o corazón aínda latexante degoxeino... e cos untos fixen un xabón co que coido a miña pel, tocade comprobar que suave me



quedou...

MOUCHA.- Cala que me das arrepiós...

DEMO.- Despois de tervos escoitade dictamino que de novo Catuxa é a bruxa gañadora, polo que o premio será para ela...

CATUXA.- Faime túa meu amo, morro de paixón,

*Catuxa lanzase ó colo do demo, as bruxas danzan o redor del... O fume cobre a escena, de súpeto o Peregrino acorda abafado, o aquelarre esfumase, so fica a Moucha.*

MOUCHA.- Acouga meu, quizais o que soñaches non sexa mais que un pesadelo pasaxeiro...

*Entra Catuxa cantando, leda*

CATUXA.- Hoxe hai festa no torreiro... mociño, ánimoaste a vir comigo, prométoche festa rachada...

PEREGRINO.- Douche as gracias, pero teño que proseguí-lo meu camiñar

CATUXA.- Maña será outro día, veña imos de foliada.

PEREGRINO.- Non, estou canso, prefiro deitarme cedo

CATUXA.- Certo é que non che entendo, onte tan amábel, tan falangueiro... facéndome as veiras... crin que che interesaba un pouco.

PEREGRINO.- Non me atopo moi ben, teño o estómago un pouco revoltado

CATUXA.- Toma este xarope e de seguida estarás para outra xeira

PEREGRINO.- Mais xaropes non, quédoche moi agradecida, pero xa me abondou co solimán que me deu a Moucha

CATUXA.- ( *Á Moucha*) Outra vez ti, maldita vella, sempre amolándome, tes envexa de min como agora son eu a predilecta do noso señor Luzbel...  
Os ciumes róente as alegrías...  
Veremos que e mais sabida das dúas...  
Xúroche co mozo será meu polas boas ou polas malas

MOUCHA.- Non esquezas que non é dos que se podan mercar con cartos ou caras bonitas.

CATUXA.- Aposto a miña alma que antes de maña ha de caer rendido ós meus encantos...  
Agora vou a festa que o corpo me pide guerra.

*Faille unha carantoña o Peregrino e vaise*

Ata mais ver meu amoriño

MOUCHA.- Gárdate da noite, da xeada, e do canto da curuxa que ten de aventar a morte...  
Eu xa nada podo facer, esta loita a tes que librar ti soliño.  
(*Vaise*)

PEREGRINO.- Xa é noite pecha, a lúa negra aínda esta acubillada tralos penedos...  
Teño sono, ei, Martiño que non te podes render o cansazo.

*Pasea pola escena, sen querer deixase ir indo, senta carón da árbore e queda durmido.*

*Niso unha serpe comeza a agatuñar polo seu corpo, é Catuxa.*

CATUXA.- Soña, soña comigo, meu ben, soña coa túa paixón mais aloucada, déixate enguedellar polas aloumiñas da túa amada...

*De súpeto o Peregrino esperta collendo a serpe e guindándoa contra a árbore.*

PEREGRINO.- Deixa de chuchar en min, bicha ruín.

*A serpe tenta rubir as polas cae no chan, morta.*

*O Peregrino achegase o tempo que esta vaise convertendo en Catuxa*

PEREGRINO.- Pero, ¿que fixen?, condenado de min

MOUCHA.- *(chegando abafada)* ¿ Que raios pasou aquí?

PEREGRINO.- Eu...eu... estaba a durmir cando unha bicha chuchoume no colo *(Amosándoa)*, un arrepío tal correu polo meu corpo que me fixo acordar de súpeto, entón vireime tolo, collín a cobra e batina contra ese croio... a serpe morreu de contado, e como se fose cousa do demo, trocouse en Catuxa.

Ai de min que me vai pasar agora... serei preso....¡maldita sexa!

MOUCHA.- Acouga rapaz, quen non nos di que Catuxa non esvarou e o caer bateu a cabeza no croio... morrendo de súpeto

PEREGRINO.- ¿Quen nos vai crer semellante trapallada?

MOUCHA.- Menos o demo, todo o mundo...

*(Fai un esconxuro, sae fume que engule a Catuxa, esta desaparece)*

PEREGRINO.- E agora ¿onde vai Catuxa?

MOUCHA.- A lle render contas ó seu amo e señor....*(vaise voando)*

PEREGRINO.- Non podo mais, todo esto é superior as miñas forzas...

voume axiña, avío, fuxo... vou fungando...

*(Colle o capacho as costas e vaise... Pero para de súpeto cando oe un berro esgallado... é o Trasgo que vai dentro)*

TRASGO.-       ¿A onde vas Caifas?  
A onde me levas colega?

PEREGRINO.-   *(tirando o capacho ó chan)* ¡Vade reto Satanás, por onde viñeches volverás!

TRASNO.-       *(saíndo do capacho)* Déixame saír do capacho, mamaracho!

PEREGRINO.-   ¿Que facías ti aí dentro?

TRASGO.-       Pois non o sei,  
resulta que un burro peideiro  
meteume unha couce no traseiro,  
e fun arrolando polo vento  
ata ficar aí dentro.

PEREGRINO.-   ¡ Que cho ei de crer !

TRASGO.-       *(Colle o capacho e fuxe)* Ata mais ver raparigo,  
Non te quedes comigo  
que non podo mais enredar  
pois o perigo  
estame a roldar...

PEREGRINO.-   ¿De que perigo me falas?

TRASGO.-       Do mais ruín da ruindade:  
A penitencia de ter que traballar...  
Por iso o teu capacho ei de expropiar...

PEREGRINO.- *(correndo tras del)* Lerchán, larpeiro devólveme as miñas cousas.

TRASGO.- Como son un artista comonista,  
resolvo que todo o voso é meu e o meu tamén é meu.  
“ ¡ a tu teler... mesie!”

*(Desaparecen correndo un tras do outro...*

*Entra un labrego, o Peregrino tropeza con el)*

PEREGRINO.- Perdón, foi sen querer, ¿fíxose dano?

LABREGO.- So foi un pequeno susto. ¿por qué corre tan abafado?

PEREGRINO.- Un maldito Trasgo rouboume todo... e agora ¿como ei volver a miña terra?...

*( O Trasgo sae tras do valado e mofase del)*

PEREGRINO.- ¡ Maldito trangalleiro!.  
Con permiso, perdoe que o deixe,  
pero ese Trasgo non se ri do fillo da miña nai.

*(Vaise o Peregrino moi enfadado)*

LABREGO.- Vaia ó xeito, meu amigo...  
*(Berrándolle)*  
Hai que toma-la vida con máis calma!

*(Entra o demo rosmando)*

DEMO.- Como pille o marruán que mandou para o inferno a mais fermosa escrava que tiña na terra vai saber quen son eu.  
Catuxa, Catuxiña, Catuxona maldita...o primeiro que fixo ó

chegar o inferno foi dar un golpe de estado, e eu que xamais din pancada, pola súa culpa me vexo traballando a eito se quero comer, namentres ela, ale, a dilapidar, a arruinar todo o meu imperio.

¡oh meu De... (*trono xigante*) ¿que fixen eu para merecer este castigo?...

Como pille a ese Peregrino heino de ferver en xofre...

( *O labrego tuse, o demo da un chimpo e virase cara el*)

DEMO.- É el...ai, non ou non, este non o Peregrino entremetido.

( *O labrego volta a tusir*)

Ten cara de alleado, mirándoo ben ó mellor o convenzo para que traballe para min...

¡que traballe el que a min dáme a risa!

(*Ao labrego, parsimonioso*) Moi boas teña vostede, garrido labrego.

LABREGO.- Moi boas, si

DEMO.- Non chove, pero xea

LABREGO.- O frío de seguidiña quitase traballando

DEMO.- E larchaneando...

LABREGO.- ¿Como di?

DEMO.- Digo... sementando

LABREGO.- Fala vostede que mesmamente asemella un cadeiradego chinés.

- DEMO.- Sei de todo un pouco
- LABREGO.- ¿E que lle trae por aquí?
- DEMO.- As gañas de ter novas experiencias... alá na Cochinchina era o mais afamado mago do lugar. Facía as plantas crecer, as fortunas medrar... Sempre fun a mais grande eminencia que pariu a ciencia.
- LABREGO.- E como é que facía...
- DEMO.- Imos ver, ¿como cho podo explicar?... Xa o teño! Mira, para facerte unha demostración podo botarte unha man, si fas como eu diga, xa verás, como nunca viches dar tantos froitos a estas leiras.
- LABREGO.- ¿E tanta fartura a cambio de que?
- DEMO.- ¿Ti es galego, non si?
- LABREGO.- ¿ E por que o di?
- DEMO.- *(Incomodado)* Xa está ben de trapalladas, eu doute a miña ciencia, e ti *(Aparte)* fas o parvo... fas o parvo traballando a reo ....*(Votándose cara el)* e ti cando repáñe-las colleitas repartirás as ganancias comigo.
- LABREGO.- Xusto é que repartamos a medias
- DEMO.- ¿Que aduanas?
- LABREGO.- Coido que ó mellor será que unhas veces do medio para abaixo sexa para un, e outras veces do medio para arriba, segundo os casos.

DEMO.- Paréceme bo o trato, estou de acordo

*(O labrego sacha na leira)*

LABREGO.- ¡Que!, socio, terá que sacha un cacho

DEMO.- Sacha ti, un trato é un trato, eu poño a ciencia e ti pos o lombo e a conciencia...

LABREGO.- Ten razón o señor, un trato é un trato...  
Paciencia meu, xa fixen a recolleita

DEMO.- Pois a repartir, e non esquezas que unhas veces de a metade para arriba é para un e outras de a metade para abaixo

LABREGO.- Lembro, ¿logo vostede que parte elixe?

DEMO.- ¿Cal ei de elixir?

LABREGO.- Logo dirá

DEMO.- ¿Cal dixeches que querías ti?

LABREGO.- Non quedamos que o galego son eu, ¿a que ven tanta pregunta?

DEMO.- Elixo a que ti non queiras

LABREGO.- Pois eu elixo o contrario que vostede

DEMO.- Daquela, ti escolles do medio para abaixo.

LABREGO.- Se lle parece ben a min tamén,



DEMO.-           Xa te vin galopín, sabes mais ca min,  
                  ¿queres do medio para abaixo, non si?  
                  Pois xa ves, como son boa xente, e non quero que penses  
                  que quero abusar, eu quedo co do medio para abaixo...

LABREGO.-       Acepto

DEMO.-           Non sexas pillabán, do medio para arriba para ti, e non se  
                  fale mais...

*Reparten cortando os mollos polo medio*

DEMO.-           *(Asombrado)* ¡Aquí so hai cañotos!

LABREGO.-       Que mala sorte teño, a min tocáronme as mazarocas, que  
                  lle imos facer, un trato é un trato, resignación...  
                  Agora terei que construír un hórreo para gardar tanto  
                  grao... traballo e mais traballo *(Vaise)*

DEMO.-           ¿Para que quero eu tanto cañoto?  
                  Ala vai, para o lume do inferno...

*Vaise choromicando*

...e a seguir co meu xaxún forzoso...

*Entra de dúas alancadas o Nuboeiro, contempla as leiras*

NUBOEIRO.-      Este ano a colleita vai ser boa, as leiras están ben regadas  
                  coa miña choiva de primeira calidade.

*Entra o Trasgo, espántalle as nubes sen que o Nuboeiro se decate, despois  
de facer a falcatruada vaise rebuldeiro*

Fico ledó ó ollar como os campos vístense das cores da  
fartura... non hai como tratar con agarimo a terra que lle da  
de comer a un.

Síntome satisfeito, si señor, maña será outro día, teño de

regresar a miña morada...

*(busca pola escena)* Xuraría que as deixei por aquí, manda chover na Habana, nin que fose cousa do diaño, si non atopo as nubes non teño con que volver a miña casa...

*( Entra o labrego rico, contando cartos)*

L. RICO.- Mil por mil: un millón, quito tres porque me interesa, e axúntolle outro millón mais... así fan unha chea de cartos...  
*(Olla o chan, e repaña un céntimo)*  
Carafio, un céntimo... ven para aquí, que unha palla non fai palleiro pero axuda ó compañeiro...

NUBOEIRO.- Perdoe que o moleste, pero non vería por....

L. RICO.- Non teño cartos son un probe probísimo deses que andan a pedir esmola polas portas.

NUBOEIRO.- Non quero os seus cartos...

L. RICO.- Tal como andan as cousas hoxe en día, non é de estrañar que un se faga desconfiado...  
Pregunte o que teña por preguntar...

NUBOEIRO.- ¿Non terá un lugar onda eu poida pasala noite...?

L. RICO.- O sinto, meu, a miña casa é tan pequerrechechiña que a duras penas collo eu nela...

NUBOEIRO.- Non preciso comodidades, calquera currunchiño me é de abondo con tal de non pasar a noite ao tempero

L. RICO.- Coñezo ben a xente da túa calaña, primeiro pedides un curruncho logo a piltra, o cuarto, o pote das papas... todo para vos e a nos que nos dean morcillas, se aforrades

como deus manda non vos atopariades nesta situación...  
¡Lambón! (*Vaise*)

*O Nuboeiro, dun lostrego, fende o labrego rico*

NUBOEIRO.- Toma lóstregos, sarabias e treboadas.  
Agora es rico, pero maña non terás nada...

*O labrego rico berra dende fora*

L. RICO.- Miña casiña feita cascallos, miñas leiras queimadas...  
estou arruinado, estou arruinado...

NUBOEIRO.- (*tirándolle outro lostrego*)  
¡Cala!

*Entra o labrego pobre*

NUBOEIRO.- Ei, amigo, agarde un bocadiño.

LABREGO.- ¿En que lle podo servir, estranxeiro?

NUBOEIRO.- Case que xa é noite, e os meus ósos xa non están para  
dormir ó tempero...

LABREGO.- Pouco mais lle podo ofrecer que unha cunca de caldo  
quentiño e un leito de palla, miña casa é pobre, mais coido  
que onde colle un collen dous...

NUBOEIRO.- Xa comeza caer a xeadá, imos aló. Cando queira meu  
amigo

LABREGO.- Cando vostede mande, compañeiro (*Vanse*)

*Entra o Trasgo brincando coas nubes. Detrás del entra o Peregrino*

PEREGRINO.- Devólvelle as nubes ao seu dono, se non queres que te pase unha desgracia.

TRASGO.- Son tan dondas, e tan suaves

PEREGRINO.- Se non devolves as nubes ó Nuboeiro, de contado falarei coa Moucha para que che faga un esconxuro, e che converta en sapo, en miñoca ou en lesma...

TRASGO.- A Moucha non.  
Prometo que serei bo, e as nubes devolverei ao Neboeiro Langarillas, se a Moucha non te chivas

*O Trasgo fuxe deixando as nubes, o Peregrino vai tras del berrándolle*

PEREGRINO.- Non fuxas, galopín. Os favores fanse enteiros ou non se fan. Devólveme tamén as miñas cousas...

*Entran o Nuboeiro mais o labrego*

NUBOEIRO.-. Velaí están as miñas nubes,,, *(as colle e fala con elas)*  
¿ onde vos metestes golfantes?, pola vosa culpa tiven que pernoctar na casa dese labrego, menos mal que as penas son menos penas se si pasan na compañía dun bo amigo

LABREGO.- Certo que si, Nuboeiro

NUBOEIRO.- Ó meu traballo ei de volver, a facer choivas, argallar brétemas, axeitar treboadas, afinar lóstregos, facer repenicar as sarabias... *(dándolle un cachete as nubes)* e as nubes: domalas

LABREGO.- Cada quen ó seu traballo, vai sabendo que cando volvas a precisar un codelo para xantar, ou un leito para acougar, todo o meu será teu.

NUBOEIRO.- Quédolle moi agradecido, e que a fortuna este a par da túa xenerosidade.  
E non esquezas que si algún día vas á terra de Exipto pregunta por o Nuboeiro Xan Cabrito

LABREGO.- Ata sempre Nuboeiro

NUBOEIRO.- Ata sempre compañeiro!

*O Nuboeiro monta nas nubes e vaise a grandes alancadas.  
Niso que as leiras dan seus froitos, o labrego dispónse a recoller a colleita*

LABREGO.- Boa colleita a deste ano...

*Repaña todo, logo acouga, entra o demo*

DEMO.- ¿Como lle vai ó meu socio? Que larchaneando un bocadiño?

LABREGO.- Estaba a espreitar por vostede, é a hora das partillas

DEMO.- Como a outra vez elixiches ti agora tócame de elixir a min.

LABREGO.- ¿Con que parte vai quedar, a de abaixo?

DEMO.- Moquéaste de min,  
Desta vez non mas vas dar...  
Eu quero a parte de arriba, non sempre a vas levar ti

LABREGO.- Ben, home ben, pois que así sexa...

DEMO.- (*ó público*) Este chouchoño cría que eu era parvo  
(*o demo remexe no saco*)  
Pero, ¿que é isto? Un feixe de ramallada.

LABREGO.- Que mala sorte volvín ter, a min so tocáronme as patacas,

que lle imos facer. Agora terei que amañar os pallotes para que non se perdan...

*Escoitase un trono xigante e di*

DEMO.- Ahhhhhh!  
Prefiro voltar para o inferno e aturar a Catuxa que volver a caer nos enguedellos deste labrego trapalleiro.

*O demo vaise dando chimpos como unha pelota de ping pong*

LABREGO.- Oh, este homiño revirou?. Non hai quen o entenda.  
Déixao ir que eu aínda teño que viaxar a Exipto, a facerlle unha visita a Xan Cabrito.

*Vaise levando as sacas das patacas.*

*Vaise o labrego, o pescador apaña os aparellos e vai cara a praia, onde atopa a unha moza sentada nun tronco)*

XANA.- ¿A onde vas bo mozo?

PESCADOR.- A onde as pernas me leven

XANA.- Heiche de dar fortuna si o teu amor me das.

PESCADOR.- Adoezo por deixar a un lado a dura vida do mar

XANA.- Antes tes que prometer que has casar comigo

PESCADOR.- Non teño intención de casar polo de agora nin contigo nin con ninguén

XANA.- Será comigo ou con ninguén, si non mo xuras fareiche a vida imposíbel

PESCADOR,-. Non penso xurar nada...

*Vaise. Entra na casa,*

PESCADOR.- Estou canso de tentar prender a lareira, hoxe tócame tomar a cea fría... hoxe toca xaxún.  
Voume deitar, que durmindo espelirei a fame.

*Botase a durmir, niso aparécenlle as pantasma*

PANTASMA 1.- Ollade, ollade ¡que perniñas tan boas!

PANTASMA 2.- ¡Que coxiñas tan boas!

PANTASMA 1.- ¡Ou, que cousiñas tan saborosas!

PESCADOR.- *(Espertando)* ¿Quen vai?, ¿quen diaño sodes?  
Dade a cara se vos atrevedes

*(Ulisca por todas partes e non ve a ninguén)*

PANTASMA 3.- Dádeme a machada para que lle corte as pernas e as cóxegas e esas cousiñas tan saborosas.

PANTASMA 1.- Ou, que perniñas tan boas

PANTASMA 2.- Ou que coxiñas tan boas

PANTASMA 3.- Traédeme a machada, Traédeme a machada,

*Cando o barullo pasa, o pescador sae e atopase coa xana.*

XANA.- Bos días, ¿qué, pensaches no que che dixen o outro día?  
¿Vas casar comigo?

PESCADOR. *(cabreado)* Eu non prometo nada a ninguén

*Colle os aparellos e vaise a pescar.*

*Niso pesca un cofre e di*

¿Qué é isto? Parece un cofre, de seguro que está cheo de tesouros.

*(Ábreo)*

¡Merda! Só hai pedras e lodo.

XANA (OFF).- ¡Quen demasiado ambiciona sen nada queda!

¡Quen demasiado ambiciona sen nada queda!

*O pescador mira ó seu redor e non ve a ninguén. Vai cara á casa e atopase de novo coa xana*

XANA.- ¿Queres agora casar comigo?

PESCADOR.- *(moi enfadado)*

Non, non e non.

Non casarei con ninguén.

*Niso aparecen uns brazos que o apreixan ó tempo que din*

PANTASMA 1.- ¡Ou, que perniñas tan boas!

PANTASMA 2.- ¡Ou que coxiñas tan boas!

PANTASMA 3.- ¡Ou que braciños tan bos!

PANTASMA 1.- ¡Ou que manciñas tan boas!

PANTASMA 2.- ¡Ou, que cuíño tan bo!

PANTASMA 3.- ¡Ou, que cacholiña tan boa!

PANTASMA 1.- ¡Ou, que barriguiña tan boa!



...¿E que temos por aquí?

PANTASMA 2.- ¡Ou que cousiña tan saborosiña!

PANTASMAS 1,2,3.- ¡Ou que cousiña tan saborosiña!

*Vese unha machada voando polo ar e vai cara el e comeza a xirar sobre a súa testa.*

PESCADOR.- ¡Socorro, a min valédeme!  
¡Socorro!, ¡Auxilio!  
¡Que me queren matar!

*Niso aparece a xana que loita coa machada e a machada desaparece.  
O pescador cae abafado no colo da meiga.*

PESCADOR.- Miña meiga, miña fada, ti es a miña salvación.  
Heite dar o que me pidas.

XANA.- Contigo quero casar

PESCADOR.- ¿Outra vez?

XANA.- Si, si e si, contigo quero casar e de hoxe non pasará.

PESCADOR.- Pois que así sexa, que a palabra dada é palabra sagrada.  
*Escoitase unha música estraña e vanse os dous collidos da man.*

*Aparece o labrego, atopase coa muller do Nuboeiro*

LABREGO.- ¿Da a súa licencia?

MULLER N.- Pase, pase, ¿qué desexa?

LABREGO.- Son un labrego que ven das terras de Galiza onde un día

acollín a un home longo coma un día sen pan, que ten por oficio ser Nuboeiro...

MULLER N.- Como non o vou coñecer si é o meu home, pero ten que agardar un cacho pois aínda non está na casa.

*Niso entra o fillo do Nuboeiro.*

FILLO.- Nai, naiciña algo cheira na cociña.

MULLER N.- Cala, Asubío, ¡vaia olfacto! aquí non cheira nin a can nin a gato.

FILLO.- Pois se no me engana o nariz aquí cheira a regaliz.

MULLER N.- Moito tes que educar a pituitaria, cheira a humano. Espile, paspán paspallás que a este paso xamais aprenderas o oficio dos teus antergos.  
(Ó labrego)E se non é moita a indiscreción, polo cal pídolle perdón, ¿para que quere ver ó meu home? ¿para solucionar algunha seca?

LABREGO.- Que va, na miña terra chove de cando en vez e de vez en cando.

FILLO.- Si non ven porque precisa algún traballo, seguro que ven a reclamar por algún chollo mal amañado.

LABREGO.- Todo o contrario, dende que Xan Cabrito estivo na miña casa a fartura cada vez é maior, as miñas leiras dan catro colleitas ó ano, as miñas tullas case estouran de tan cheas que están. Xa ven cartos non me fallan e a saúde tampouco, por iso decidín vir visitar ó meu amigo Xan Cabrito.

MULLER N.- Asubío, vai busca-lo teu pai.

FILLO.- E eu que sei por onde anda, marchou pola maña cedo e dende aquela que non o vexo.

MULLER N.- Colle as chocas e imos buscalo

LABREGO.- A brétema é moi espesa e non atopara o camiño

MULLER N.- Cando cos ollos non atina co camiño, tendese a orientar polo ruído.

*Comezan a bate-las chocas e berran*

MULLER N.- Xan Cabrito, ven axiña, bonito

FILLO.- Nuboeiro aparece de súpeto neste palleiro  
*Escoitase unha gran tormenta, e do medio da brétema aparece Xan Cabrito*

NUBOEIRO.- ¿A que ven tanta choqueirada?

MULLER N.- Tes unha visita

NUBOEIRO.- ¡Manda centellas, tronos e lume do inferno!  
¡Por tanta cativeza tiven que deixar de fabricar o inverno!

LABREGO.- Si vas a Exipto pregunta por Xan Cabrito

NUBOEIRO.- Pero, si es ti, o meu amigo labrego galego.

LABREGO.- ¿E si non quen?

*Dándose unha aperta*

NUBOEIRO.- Imos a miña casa a celebrar o noso encontro con

chourizos, viño, xamón, touciño...e para rematalo cun golo de augardente para pasar a noite quente...

*Vanse todos.*

*O Peregrino entra feito po.*

PEREGRINO.- Primeiro a meiga que me amola cos seus esconxuros, logo o Trasgo que coas súas trangalladas xa me ten aburrido  
*(Aparte)*  
Estou esmendrellado, e cada vez que vou durmir aparece alguén a tocar o cerello.

*Escóitanse unhas voces ó lonxe*

Velaí veñen outros incordiantes, voume acubillar aínda que sexa debaixo dun croio, pero unha cabezadiña xuro que a boto.

*Vaise o Peregrino.*

*Canta o galo. Dúas raparigas brincan e cantaruxan unha canción infantil*

NENA 1.- Imos á beira do mar, conchiñas a repañar.  
Conchas de caramuxos, para espanta-los bruxos.  
Conchas anacaradas, para enmeiga-las fadas.

NENA 2.- Eu hei de facer un colar de chinas e de corais,  
e con el hei de casar no fondo do mar.

NENA 1.- *(Interpretando)* Miña rosiña, rosiña rosa  
¿queres ser a miña esposa?

NENA 2.- Meu galano cabaleiro heino cavilar primeiro.

NENA 1.- Axiña, pois meu corazón palpita coma unha pataca frita.  
Miña ruliña, casa comigo, queridiña.

NENA 2.- Contigo ei de casar si me regalas un colar  
de de brillantes cristais,  
de perliñas como lagrimiñas,  
e que teña un gran medallón  
do tamaño dun mexillón.

*Cantaruxea unha marcha nupcial*

*Niso aparece a coca de redondela e rapta a unha das nenas.*

*A outra fuxe e berra.*

*Aparecen as mozas e un mozo.*

MOZA 1.- ¿Qué che pasa, miña rula?

NENA 2.- Foi ela, foi ela

MOZA 1.- ¿De que falas?

NENA 2.- Foi ela, foi ela

MOZO 1.- Tranquila, rapariga

NENA 2.- *(mais tranquila)* Estabamos Rosiña e mais eu a brincar na  
praia, cando de súpeto apareceu....¡Ahhhhh!

MOZA 1.- Acouga, meu sol

NENA 2.- Era horrorosa, mais grande cunha balea. Achegouse a nos  
de vagariño, sen facer ruído e dunha chantada levou a  
Rosiña  
*(Chora)* buah....

*A moza colle no colo a nena e lévaa.*

MOZO 1.- Outra vez a maldita coca, ese monstro asasino volta das  
profundidades do mar para raptar ás nosas raparigas.

(A berros) ¡Ei, compañeiros! ¡Vinde!

*Soan ás campas á rebato. Chegan varios mozos.*

MOZO 2.- ¿A que tanta urxencia?

MOZO 3.- Uxío, ¿qué pasa?

MOZO 1.- A Coca volveu as andadas

MOZO 2.- ¿Estás certo?

MOZO 1.- Atacou a unhas meniñas e levouse a unha delas.

MOZO 2.- ¿Qué podemos facer?

MOZO 3.- Temos que acabar co problema

MOZO 2.- ¿E cómo?

MOZO 1.- Teño unha idea

MOZO 3.- Fala xa

MOZO 1.- Poñerémolle un reclamo

MOZO 2.- A anterior vez puxemos un boneco de palla e non picou.

MOZO 3.- Non, si parva non é.

MOZO 1.- Eu non dixen nada dun boneco.

MOZO 3.- Nin o penses

MOZO 1.- Para que o meu plan resulte hai que correr algún risco, pero é a única solución:

Deixaremos na praia a unha rapariga enredando sen medo, non vaia ser que a Coca desconfíe e nos chafe o plan.

*Vanse falando os tres*

E logo cando se achegue pola súa vítima...bla, bla, bla...

*Unha moza canta unha cantiga de berce.*

*Os mariñeiros levan a unha meniña que deixan na praia.*

*Logo vanse a esconder.*

*Niso aparece a coca e vaise achegando á nena, que ó vela fuxe espantada.*

*Niso saen os mozos coas espadas e matan a coca e córtanlle a cabeza.*

*Entre berros de xúbilo os mariñeiros bailan ó redor da coca. Entran as mozas portando ás nenas e bailan todos e van marchando.*

*Niso entra o Peregrino e tropeza coa coca.*

PEREGRINO.- ¿Qué é isto?, como fede, ¡que noxo!

*Arrepuxa a cabeza e non pode con ela.*

*Entra o Trasgo*

TRASGO.- ¿Qué fas, Caifas?

PEREGRINO.- Tirar ó mar este desfeito, fede que alcatrea.

TRASGO.- ¡Un momentíño! Din que a caluga de Coca é un manxar e que quen o coma ó saír a lúa non envellece xamais.

PEREGRINO.- Pois cómea ti.

TRASGO.- Eu non, que a carne de Coca faime doer a boca.

PEREGRINO.- Déixate de lerias e axúdame a guindala ó mar

TRASGO.- ¡Uf, que noxo! Agarda un bocadiño, vou buscar a alguén para nos axudar a guindar ó mar a Coca de Redondela.

*Entra a Moucha*

MOUCHA.- Animaliños, ¿qué ides facer?

PEREGRINO.- A que faltaba. Imos volver esta prea ó mar de onde saíu.

MOUCHA.- Antes deixádeme tirarlle os dentes e o corazón para os meus potingues.

PEREGRINO.- Faga o que queira.

MOUCHA.- Non perderei ocasión.

TRASGO.- *(con mofa)* De apañar os dentes e roubarlle o corazón  
*Mentres a Moucha remexe na coca. Aparece o conde cantando.*

CONDE.- Camiña don Sancho.....

TRASGO.- *(Examinado ó conde)* Bos brazos, mellores pernas, costas axeitadas, lombo rexo...  
*(Dirixíndose ó Peregrino)* Ei, amiguiño, estarás comigo que este galán pode coa Coca el soíño, ¿para que imos rebentar ó lombo?, ¿para qué imos emporcar as mans?.  
*(Dándolle cova ó conde)* Si, este bo veciño, este bo gañán, mais forte que o seu irmán pode chimpa-la Coca máis aló da illa de Cortegada dunha soa chantada.

CONDE.- *(tenta move-la coca, pero non pode)*  
Arrea, esta cachola é de chumbo.

PEREGRINO.- Entre todos seguro que poderemos con ela.  
*(dille o Trasgo)* Trasgo, non te escaquees.



*Entre todos tiran a coca ó mar.*

*O conde senta ó lonxe e suspira. O Trasgo se lle achega.*

TRASGO.-           ¿Vostede, é de moi lonxe?

CONDE.-           ¿Cómo?

TRASGO.-           Que, ¿si ven das terras que fican máis aló das montañas lonxanas?.

CONDE.-           Veño das terras onde o sol loce todo o día, e as estrelas brillan toda a noite.

TRASGO.-           Estraño país. Dáme no nariz que cadaquén ve a súa terra cos mellores ollos, aínda que nela só vivan piollos.

MOUCHA.-          ¿E que lle trae por aquí?

CONDE.-           Ós meus ouvidos chegou o rumor de que nestes eidos vive un rei que lle chaman Cintoulo e ten unha filla tan fermosa que o sol bañou os seus cabelos con raios de ouro. A lúa púxolle ós seus ollos a cor do ceo e as estrelañas tinguiron de prata a súa branca e belida pel.

PEREGRINO.-       ¿Pagara a pena vela denantes de rematar o meu peregrinar?

CONDE.-           Supoño que si.

PEREGRINO.-       Imos aló.

*Vanse o conde e o Peregrino.*

*A Moucha rífalla ó Trasgo.*

MOUCHA.- Vaise o Peregrino, e todo pola túa culpa, anano galopín.

TRASGO.- ¡Quen falou que a casa honrou!

MOUCHA.- Pasa diante, que como te colla....

*Vanse os dous*

*Un fato de estandartes aparecen ás beiras da escena.*

*Óese unha fanfarra e a aparece o rei Cintoulo coa súa filla Manfada.*

CINTOULO.- Miña querida Manfada, xa tes rexeitado a novecentos trinta e sete pretendentes....hum, digo novecentos trinta e oito.

MANFADA.- Meu, pai vostede ben os viu, eran rudos e ruíns. Non había un de fiar.

CINTOULO.- Parecían un fato de trosmas do máis selecto.  
Xa é a hora, milla filla, ¿estás preparada?

MANFADA.- Estou, meu pai, estou.

CINTOULO.- Pois que pase o pretendente número novecentos trinta e nove.

*Entra o pretendente que é o labrego rico.*

RICO.- ¡Ola, meus!  
Ti, o vello, ¿es o rei Cintoulo, non si?  
E esa rapariga debe ser a túa filla Manfada.

CINTOULO.- ¿Quen é vostede?

RICO.- Quen vou ser, un que tivo moito e agora pouco ten, amais de ser bo mozo, guapísimo, etcétera. Así que deixémonos de lerias e...ti neniña á vicaría que se me fai tarde.

MANFADA.- Pai, outro langrán, eu non quero casar con esta mala besta.

CINTOULO.- Non te preocupes, filliña  
(*Ó pretendente*) Antes de casar coa miña filla Manfada, tes que cumprir cos requisitos que manda a tradición.

RICO.- Veña, veña, ó grao xa.

*O rei Cintoulo achegase ó pretendente e dille*

CINTOULO.- Moi ben querido futuro xenro, imos preparar o banquete da cerimonia.

RICO.- Non se preocupe que o pago eu.  
(*Aparte*) Para cinco ou sei que imos ser...

CINTOULO.- Imos encargar un bo xantar, marisco incluído, para cento cinco reis, douscentos príncipes e princesas, ministros, comerciantes, representantes, súbditos e demais familia... ah... me esquecía...

RICO.- Pero, ¿aínda hai máis convidados?

CINTOULO.- As fadas do lugar para que traian boa sorte, os trasgos para que non remexan no fogar, e as meigas para...

RICO.- (*cortándolle*) Este banquete vaime saír nun ollo da cara.

CINTOULO.- Pero, en troques levas a miña filla.

RICO.- Ai, non, non, non...non me penso volver a arruinar...

*Fuxe correndo*

CINTOULO.- Vaites, vaites, baldrocas. Deica nunca mais ver.

*Vaise Cintoulo e queda na escena Manfada.*

*Entra o conde e o Peregrino. O conde ve a Manfada*

CONDE.- Velaí a tes, ela será a miña musa, a miña inspiración.

*O conde toca a guitarra e mira extasiado a Manfada. As súas miradas crúzanse e se ruborizan.*

CONDE.- Estou nervioso, de súpeto perdín a miña inspiración  
¿cómo a vou namorar?

PEREGRINO.- Teño unha idea, amigo Beltrán

CONDE.- ¿Cal?

PEREGRINO.- Ti achégaste a ela e repites o que eu che diga polo baixo

CONDE.- Non sei, non sei, iso será un fracaso.

PEREGRINO.- Veña home, que son rapeiro de carreira...

CONDE.- Que sexa o que deus queira, ¡ai!.

*Achegase á Manfada.*

PEREGRINO.- O día está ledo, ledo, ledo (*rapeando*)

CONDE.- O día está lelo, lelo, lelo

*O peregrino cólleo por un brazo e dille*

PEREGRINO.- ¿Estás parvo ou que?

CONDE.- Si

PEREGRINO.- Si, ¿qué?

CONDE.- Estou parvo

PEREGRINO.- Pois espile e deixa de dicir boubas, así non ligas nin de broma. Veña, ó choio e presta máis atención.

*Volven xunto á Manfada*

PEREGRINO.- Sei que non chove, non chove, non chove...

CONDE.- Doce agarimo, fíxose a primavera neste xardín de amor...

PEREGRINO.- Estás para comerte, imos darnos un revolcón...

CONDE.- No meu corazón palpita unha doce canción...

PEREGRINO.- Nena, queres ligar, á discoteca imos bailar...

CONDE.- Doce flor de amor, musa que inspiras a miña canción...

*O conde achegase á Manfada e di.*

¿Por qué perde-lo tempo con palabras que lévao vento?

*Vanse bicar cando petan na porta, o Conde e o Peregrino agáchanse.*

*Entra o Rei Cintoulo e di.*

CINTOULO.- ¿Quen ousa petar na miña porta dese xeito?

*Entra o Bruxo 1, mensaxeiro do rei Tuba.*

BRUXO 1.- Rei Cintoulo, son mensaxeiro do Rei Tuba, e tráiovos un

correo urxente.

CINTOULO.- ¡Fala, mensaxeiro!

BRUXO 1.- O rei Tuba quere casar coa vosa filla Manfada.

MANFADA.- Será si eu quero e me e da a gana.

BRUXO 1.- O meu señor Tuba di que si non queres polas boas será polas malas.

Esperando novas, pido licencia para retirarme.

*Vaise o Bruxo 1.*

MANFADA.- Meu pai, eu non quero casar co rei Tuba.  
Coñecín a un mozo que cando o vexo o meu corazón palpita que mesmamente semella querer saír do meu peito.

CINTOULO.- Manfadiña, ¿non me digas que estás namorada?

MANFADA.- Estouno

CINTOULO.- ¿E que imos facer?, non podemos darlle un non por resposta ó rei Tuba que é un nigromante con moi malas artes.

*Entra o conde*

CONDE.- ¿Da o seu permiso?

CINTOULO.- ¿Quen es ti?

CONDE.- Son o Conde Beltrán e ofrézome para loitar co rei Tuba.

MANFADA.- É un rei moi perigoso, amais de ser forte coma unha mula.  
Os seus conselleiros son bruxos, afillados do diaño.

CONDE.- Non temas por min, miña musa, pola túa beleza ben paga a pena arrisca-la miña vida.  
Dáme a túa bendición e partirei de contado.

MANFADA.- *(poñéndolle a man na cabeza)* Vaite con ben garrido Beltrán.

*Vanse Beltrán e Cintoulo.*

*Entra o peregrino e tropeza con Manfada.*

PEREGRINO.- *(tatexando)* Pe,pe,perdoe, ¿non vería ó conde Beltrán?,  
Per, per, perdino hai un cacho e, e, e...

MANFADA.- Partiu a loitar co Rei Tuba.

PEREGRINO.- ¿Quen?

MANFADA.- O Conde

*Noutro lugar da escena aparece o rei Tuba.*

TUBA.- ¡Aparecede xa! Para eso vos pago lercháns.

*Aparecen os bruxos*

BRUXOS.- Señor...

TUBA.- Xa ía sendo hora.  
Temos de facer un conxuro para que desapareza a princesa Manfada e o castelo do rei Cintoulo.  
Ela será miña ou non será de ninguén.

BRUXO 1.- Como mande, meu señor.

*Fan o conxuro. Fume. Desaparece o castelo e aparece unha cova.*

BRUXO 1.- Tebras e fadas do Norte,  
Furias do fondo do mar,  
Vinde corte de bruxos  
E, aparece Belcebú.

BRUXO 2.- Que a terra se abra de súpeto...  
Que o mar asolague o reino do rei Cintoulo.

BRUXO 1.- Que todo se converta nunha escura cova.

BRUXO 2.- Polo señor das Tebras, así sexa esta refrega.

BRUXO 1.- Polo señor dos infernos, de hoxe en adiante sexa inverno.

*Os bruxos vanse rindo. Entra o conde que reta á Tuba*

TUBA.- ¿Quen é o atrevido que ousa entrar nos meus dominios

CONDE.- Eu son o conde Beltrán, e veño a retar ao covarde e miserento rei Tuba, que por non poder casar con Manfada coas súas bruxerías converteu o día en noite, podreceu as colleitas e ateigou na miseria as xentes de todo o país.

TUBA.- Eu son Tuba, insensato

CONDE.- Loita como un valente ou morre coma un covarde.

TUBA.- Voute a esmagar coma a unha miñoca

*Loitan, os meigos aparecen e tentan axudar o rei tuba, o Conde remata o rei Tuba*

TUBA.- Mala chisca te fenda, ... (Morre)



*Os bruxos collen o conde e o converten en serpe de dúas cabezas.*

BRUXO.- Beltran, Beltran en serpe te convertas e desta cova garda serás... ti terás o segredo do teu encantamento

BRUXO 2.- Que pena que non podas falar

BRUXO 1.- Quen tente a ti ou a Manfada liberar, será o teu xantar...

BRUXO 2.- Terás que existir para as nosas ordes cumprir

*Desaparecen.*

*Gran tremor e desaparece todo e aparece a cova .*

*Manfada sae a porta da cova, canta mentres se peitea con peite de ouro.*

*Entran dous irmáns (poden ser dous dos mariñeiros)*

MOZO 1.- Díxenche que si

MOZO 2.- ¿Estas no certo?

MOZO 1.- Contan que quen desencante a Manfada posúira tódolos tesouros do rei Cintoulo.

MOZO 2.- É moi perigoso

MOZO 1.- Tranquilo, ti ataca-la serpe pola dereita e eu pola esquerda.

MOZO 2.- Ti vélo moi fácil

*Achéganse a Manfada.*

MOZO 1.- Bela moza, ¿non saberás onde fica a cova onde teñen presa a princesa Manfada?

MANFADA.- ¿Quen pregunta por ela?

MOZO 1.- Seus salvadores

MANFADA.- Primeiro teredes que loitar coa serpe de dúas cabezas

MOZO 2.- Xa o sabemos

MANFADA.- ¿E sabedes cal é o castigo se non acabades con ela?

MOZO 1.- Non temos medo

*Aparece a serpe e loitan. Desaparecen os irmáns pola cova.*

*O peregrino esperta.*

PEREGRINO.- ¿Qué pasou? ¿onde estou? ¿e onde vai o conde?  
¿onde estás Manfada?

*Ve a Manfada e vai cara ela.*

PEREGRINO.- Ah, estás aí, Manfada

*Aparece a Moucha e o frea.*

MOUCHA.- Agarda, rapaz se non queres morrer.

PEREGRINO.- ¿Qué pasa agora?

MOUCHA.- Está escrito que quen desexe liberar a Manfada e o conde Beltrán , primeiro ten que rematar coa serpe gardiana da cova.

PEREGRINO.- ¿Cómo farei? Eu non son guerreiro, non sei loitar

MOUCHA.- Para rematar coa bicha non necesitas a forza nin espadas, pero, ¿non te das conta do fácil que é a solución?

*Fálalle ó oído*

PEREGRINO.- ¿E teño que facer iso?, ¡buah, que noxo!

MOUCHA.- Esa é a única solución.

*O peregrino achegase por detrás á serpe.*

PEREGRINO.- ¡Que asco, cheira a xofre!  
A súa pel é visga coma a das lesmas.

*Virase cara á moucha e dille*

Eu non bico esa baba viperina

MOUCHA.- Pois entón, esquece a Manfada e a Beltrán

PEREGRINO.- Manfada, Beltrán voso cariño ben vale un biquiño  
*(Vai a modiño e bica un cara e non pasa nada)*  
¡Múa!  
*(Logo a outra e tampouco pasa nada)*  
¡Requetemua!,  
¡Vella lerchana! Non sei para que che fago caso!

*Vaise triste.*

MOUCHA.- Tres bicos á bicha lle darás,  
Dous na cara e outro por detrás...

*Niso o Peregrino parase e volve e da un bico na cola da Serpe*

¡Múa!

*Soa un trono e unha música , o peregrino sae disparado e cae no chan como durmido mentres a serpe trocase no conde que se achega á Manfada e bícaa. Saen da escena aloumiñándose.*

CONDE.- Miña querida Manfada, non recordo nada.

MANFADA.- Meu querido Beltrán ímonos casar...

*Aparece o trasgo.*

MOUCHA.- ¿E ti que miras, paspán?

*O trasgo tapa os ollos e mira polas mans furadas*

TRASGO.- ¡Que bonito! ¿qué bonito é o amorrrr!  
*Soa o canto do galo. A Moucha e o trasgo agóchanse. Nace o día. O peregrino esperta*

PEREGRINO.- ¡Uahhh!, Que sono soñei, que medo papei,  
Soñei con trasgos e curuxas, con meigas, fadas e bruxas,  
con cocas e trapalladas.  
*(Mira ó reloxo)*  
¡Uf, que tarde é! Vou a perde-lo tren.

*Niso atopa as súas cousas tiradas polo chan*

¿Quen estaría a remexer no meu capacho?  
Parece cousa de meiguería...  
Non, si xa din por aí que Galiza é máxica...

*Asoman por un lado o trasgo e a moucha*

TRASGO+MOUCHA.- ¡Abofé que si!

